



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Altas capacidades: Desenvolvemento do talento na aula

Materia	Altas capacidades: Desenvolvemento do talento na aula			
Código	P02M081V02211			
Titulación	Máster Universitario en Necesidades específicas de apoio educativo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais Dpto. Externo			
Coordinador/a	Martínez Patiño, María José			
Profesorado	Fernandez Barreiros, Miriam Martínez Patiño, María José			
Correo-e	mjpatino@uvigo.es			
Web	<a href="http://http://masterapoioeducativo.webs.uvigo.es/">http://http://masterapoioeducativo.webs.uvigo.es/</a>			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese dar a coñecer as características e necesidades específicas que poida presentar o alumnado con altas capacidades, tratando de establecer unha atención adaptada a súas necesidades no marco dunha escola inclusiva, prestando a máxima atención ao proceso de identificación e deseño dunha resposta educativa axustada ás súas necesidades, tendo en conta tamén o ámbito da práctica deportiva de alto rendemento.			

## Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados co seu área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B3	Diseñar sistemas de asesoramento e de intervención educativa tendo en conta a resposta organizativa do centro, as metodoloxías e as TIC para a inclusión escolar, así como o deporte adaptado, a actividade física para persoas con distintas discapacidades, o exercicio físico, a saúde e a calidade de vida.
B4	Xeneralizar a distintos contextos e situacións o coñecemento, as destrezas adquiridas, axustando as habilidades pertinentes que as conforman. Todo iso con criterios de non discriminación de xénero e respecto dos valores democráticos.
C1	Saber aplicar sistemas de avaliación e intervención á determinación das necesidades educativas especiais dos estudantes con discapacidade intelectual, motriz e sensorial; de dificultades de aprendizaxe derivadas do contexto sociocultural, de discriminación por razóns de xénero, clase, e etnia e de dificultades de aprendizaxe específicas (lectura, escritura e cálculo), delimitando ámbitos prioritarios de actuación e os apoios requiridos para promover a aprendizaxe significativa e relevante.
C2	Saber detectar e analizar posibles barreiras para o acceso ao currículo, a aprendizaxe e a participación do alumnado con necesidades educativas especiais e problemas de aprendizaxe.
C4	Xerar destrezas para aprender a diseñar, en colaboración co profesorado de aula, plans de traballo individualizado para o alumnado con necesidades educativas específicas integrados na resposta organizativa do centro e nos servizos de apoio, utilizando as TIC e favorecidos por actividades de deporte adaptado e que potencien actividades de saúde e calidade de vida.
C5	Aprender a colaborar cos servizos psicopedagóxicos e de orientación familiar, promovendo a mellor resposta educativa.

C6	Saber evaluar as implicacións do uso de diferentes respostas educativas ante os problemas derivados da atención á diversidade.
D4	Propoñer iniciativas, xerar ideas novas e adaptarse a situacións diversas con flexibilidade.
D5	Capacidade de organización, planificación e autoevaluación.
D6	Traballar en grupo e desenvolver actitudes de participación e colaboración.
D7	Comunicar con eficacia o coñecemento obtido, de forma oral e escrita, tanto a persoas non expertas como a outros especialistas, utilizando os recursos persoais e apoiándose nas tecnoloxías da información e da comunicación.
D8	Recoñecemento da diversidade e da multiculturalidade.

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer os diferentes ámbitos de manifestación/dominios das altas capacidades	A2 A3 B3 B4 C1 C4 C5 C6 D4 D5 D6 D7 D8
Coñecer a organización dos centros de educación secundaria, FP e Escolas de idiomas e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento	
Saber que variables e casuísticas definen as Altas Capacidades	A2 A3 B3 B4 C1 C2 C4 C5 C6 D4 D5 D6 D7 D8
Coñecer os diferentes perfís do alumnado con AC e ser conscientes da importancia da detección da AC	A2 A3 B3 B4 C1 C2 C4 C5 C6 D6 D8
Saber cales son as necesidades escolares dos alumnos/as con AC	A2 A3 B3 B4 C1 C2 C4 C5 C6 D4 D5

Coñecer as alternativas de intervención na aula co alumnado AC. Profundar no enriquecemento curricular como intervención inclusiva para responder as necesidades específicas do alumnado de AC	A2 A3 B3 C1 C4 D4 D8
Coñecer a delimitación conceptual e xurídica do talento deportivo e analizar os diversos programas de apoio ao deportista existentes nas diversas institucións sociais e educativas	A3 B3 C2 C6 D5 D8
Ser capaz de asesorar a pais, adestradores, directivos ou educadores de face a preservar o adecuado desenvolvemento psico-educativo do mozo deportista	A2 B3 C5 C6 D5 D6 D7 D8
Ser capaz de avaliar de forma crítica certas prácticas persoais ou institucionais relacionadas cos deportistas de alto rendemento ou con alumnado de altas capacidades	A2 A3 B3 C4 C6 D4 D5 D6 D7 D8

## Contidos

Tema	
1. Definición de Altas Capacidades: Variables e casuísticas *	
2. Perfís do alumnado con AC: intelectual, motivacional, socioemocional e de personalidade *	
3. Identificación das AC: proceso de detección no aula *	
4. Intervención escolar para responder ás necesidades do alumnado AC *	
5. Enriquecemento Curricular como intervención inclusiva cos alumnos/as de AC *	
6. Portafolio, compactación e enriquecemento triádico *	
7. Delimitación do concepto de talento deportivo *	
8. Marco xurídico que regula a identificación e o apoio aos talentos deportivos en España e Galicia *	
9. Necesidades de apoio psico-educativo en deportistas de alto rendemento *	
10. Modelos de apoio educativo ao deportista de alto rendemento *	
11. Instrumentos de interese para a intervención psicoeducativa no ámbito do deporte competitivo *	

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	6	0	6
Traballo tutelado	9	0	9
Traballo	0	60	60

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

Descrición
------------

Lección maxistral	Exposición por parte da docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver. Pode incluír apoio de material audiovisual
Traballo tutelado	Desenvolvemento de exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión das docentes. Pode estar vinculado con actividades autónomas do/a estudante.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Orientacións sobre contidos e actividades expostas sobre a materia e resolución de dúbidas sobre contidos teóricos ou actividades prácticas
Probas	Descrición
Traballo	Orientación sobre a planificación, elaboración e presentación dos traballos prácticos

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Valoración da participación activa do/a estudante e da realización de exercicios ou proxectos realizados na aula e/ou das actividades autónomas do estudante.	40	A2 A3	B3 B4	C1 C2 C4 C6	
Traballo	Elaboración e presentación oral e/ou escrita de informes por parte dos estudantes, relacionados cos contidos e/ou procedementos do módulo correspondente.	60	A2 A3	B3 B4	C1 C2 C4 C5 C6	D4 D6 D7 D8

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Este máster ten a modalidade de ensino presencial, polo que a asistencia a clase e a realización dos traballos de aula son obrigatorios para a avaliación continua. Esta asistencia debe ser dun mínimo do 80% da materia. O/a estudante que falte a algunha sesión deberá poñerse en contacto co/a docente para realizar a/s tarefa/s correspondente/s.

Para superar a materia será necesario que os estudantes obteñan en cada proba ou actividade obxecto de avaliación como mínimo o 50% de cualificación nese apartado.

O alumnado que non entregue en prazo os traballos requeridos para a avaliación continua poderá presentarse a unha proba de avaliación, acorde ao programa da materia, que se celebrará no período oficial establecido para o segundo cuatrimestre.

Haberá unha segunda convocatoria no mes de xullo na que se avaliarán as competencias non adquiridas polo estudante durante o curso académico.

Poden consultarse as datas de avaliación da materia na web do Mestrado ou no espazo correspondente da plataforma de teledocencia.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Leiva deAntonio, Jaime, **Selección y Orientación de Talentos Deportivos**, Kinesis, 2013

#### Bibliografía Complementaria

Hernandez Corvo, R, **Talentos Deportivos**, Deportes, 2007

Rentería, A. M. y Gassós, L. E. , **Selección y Desarrollo del Talento Deportivo. Una propuesta para el ámbito escolar**, Itson, 2010

### Recomendacións

### Outros comentarios

RECOMÉNDASE:

- A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.

- A asistencia continuada ás sesións de clase e ás tutorías para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte dos estudantes
- O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen actividades, orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia

---

## **Plan de Continxencias**

---

### **Descrición**

---

== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ==

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Para o curso 2021-2022 se preven tres posibles escenarios:

- docencia 100% presencial
- docencia mixta, con parte presencial e parte virtual
- docencia 100% virtual

A medida en que as circunstancias o requiran poderíase pasar de foma dinámica dun escenario a outro ao longo do curso, buscando o menor impacto posible no seu desenvolvemento.

===== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS =====

\*\*\*Metodoloxías docentes que se manteñen\*\*\*

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario a outro. En calquera caso, a única diferenza refírese ao espazo (presencial ou virtual) no que se desenvolverá a actividade. De ser necesario recorrer ao ensino virtual, total ou parcialmente, as metodoloxías previstas adaptáranse á modalidade de execución a distancia.

\*\*\*Metodoloxías docentes que se modifican\*\*\*

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

\*\*\*Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías)\*\*\*

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual dos docentes, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

\*\*\*Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir\*\*\*

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

\*\*\*Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe\*\*\*

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

\*\*\*Outras modificacións\*\*\*

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

\*\*\*Probas pendentes que se manteñen\*\*\*

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2021-2022. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero sí no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual, ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.

Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

\*\*\*Probas que se modifican\*\*\*

Para o curso 2021-2022, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

\*\*\*Novas probas\*\*\*

Non se prevén novas probas de avaliación.

\*\*\*Información adicional\*\*\*

Non hai.

---